

Táboa Redonda — Táboa Redonda — Táboa Redonda — Táboa Redonda



"Los Trovadores". Villalba, 1913. O director da rondalla era Víctor Mato Grandío. Na fotografía da dereita, a Banda dos Mato, en 1929.

A tradición musical en Villalba

Alfonso A. Baamonde García

Villalba é hoxe un pobo grande, importante, con aires de modernidade e de cidade. De acordo con estes atributos, abonda ademais en ser accoledor, afectuoso e respetuoso con aquelas persoas que á nosa vila venen buscar un

momento de solaz descanso e diversión. Sentado esto, os villalbeses tamén, como é propio do seu carácter, foron sempre amantes da boa música e, como dicía García Mato, "amigos de músicas". Foi precisamente él quén más investigou na tradición musical da nosa vila a neste traballo van aparecer moitos datos que él recopilou.

Os primeiros datos que aparecen sobre a música en Villalba, remontanse ó ano 1850, no que se organiza unha banda que desde Lugo viña dirixir D. José García a quen os aprendices pagábanlle 6 reáns diarios. Destes iniciais balbuceos vai resultar, co paso dos anos, a formación de dúas bandas de música no ano 1880: "La Lira", dirixida por D. Constantino López Guntín (Vega), e a banda "Del Sur", dirixida por D. Lorenzo Cascudo Lostre.

Dato interesante que aparece no gabinete de Prensa do Concello ferrolán é que, por 1863, os músicos de Villalba ían cantarlle ás Pepitas ferrolás acompañando a música con un cornetín, un requinto e un bombo enorme, proba de que por aquela entón xa en Villalba había afición musical.

Investigando na historia da vila, García Mato, nun artigo publicado en *El Progreso* (25-12-53) fala do regulamento da que foi banda municipal. No devandito artigo di que ten diante de si o regulamento xa deteriorado, no que se estipula a aprobación polo consello de Villalba, na sesión ordinaria do 26-8-84, do regulamento citado; é, así mesmo, en sesión ordinaria do 9-9-84, acordábase dar 6 director da mesma 500 pesetas como gratificación. Podemos asegurar, polo tanto, que desde 1884 Villalba ten banda municipal. O director de esta Banda foi durante longos anos don Santiago Mato Vizoso, nado o 27 de xullo de 1854 e morto o 7 de xaneiro de 1925.

A comenzos de século, Villalba era unha fonte na que contínuamente manabán os actos culturais, e así podemos destacar cómo, no ano 1917, o 4 de setembro, hai unha velada nos Salóns do Imperial, que organiza a sociedade "Amor á Terra", na que canta o Orfeón Villalbés, e actúa tamén a banda municipal. No ano 1916 entréñase unha cantata titulada "El Círculo", escrita por D. Nicanor García Pumariaga e musicada por D. Santiago Mato Vizoso. Dita cantata foi publicada no 1882, no "Heraldo de Madrid" e o autor vendeu edición a 6 reáns o exemplar. A obra é unha comedia didáctica en tres actos e o seu fin consistía nun método para ensinar a leer e a escribir ós adultos a través da música, e sin ter conocementos musicais.

No "Heraldo Villalbés" do 31-8-1916 fálase da orixa da "Alborada Coral", do maestro Silvari. Estando reunidos tres mozos villalbeses: Eugenio Silverio, Domingo García Gestoso e Manuel Mato Vizoso tratan de organizar unha coral e formarse o Orfeón Villalbés. Esto ocurriu no 1881. O director do Orfeón atopa a parte de frauta duns motivos da "Alborada" de Varela Silvari, e reunidos con Manuel Mato poñéñelle letra galega, armonizana a voces solas e, en dous días, "di o Herado", ensaiña. En marzo de 1882 estréñase a obra, na que tamén actúa a banda de música que dirixía D. Lorenzo Cascudo. Esta alborada máis tarde serviu como obra de concurso nun certame en Pontevedra.

O 31 de decembro de 1916 estréñase a obra "A romaxe de Tardade", dos irmáns Mato Vizoso, cantada por un nutrido coro, e tanto gustou que o 7 de xaneiro de 1917, volte a interpretarse. A Sociedade Juventud Antoniana, no mesmo ano, celebra unha velada e interprétase "Preludio y Coro de introducción de la Zarzuela Noche de Leyendas", con letra de Antonio García Hermida e música de Santiago Mato Vizoso. En 1918 representántase a obra do villalbés José Cacharrón López titulada "Por una fanega", obra en tres actos, con música tamén de Santiago Mato Vizoso. Desta época atopamos solistas que cantan e ejecutan bailes diversos, e tamén os poetas Carmiña Prieto Rouco e Antonio García Hermida, que poñen o seu grao de area facendo a letra de moitas composicións. No 1920, García Hermida publica un poema titulado "O dia do patrón" que

levou mención honorífica no Certamen Literario musical de "Cantigas e Aturuxos", de Lugo. Carmiña Prieto Rouco, en 1921, escribe "A cancón d'a chuvia n'alta noite".

Festas de sempre, que tamén recollen os periódicos da época, son os tradicionais Maios, que encontramos na obra dos irmáns Mato Vizoso: "Maruxa" ou "Os cantares de Villalba", peza composta expresamente para o Orfeón, o 4 de xaneiro de 1897. Esta composición é un potpurri con aires da localidade; consta de vals, jota, alborada, aguinaldo, muiñeira e maio.

Tamén dos anos 1910 a 1920 hai un coro organizado para actos de relevancia que se titula "La capilla". E desta época (e ahí vemo-la ilusión e entusiasmo musical dos villalbeses) data a compra do órgano da igrexa parroquial, que costou 7.000 pesetas; houbera colecta para pagalo, e ate o ano 1931 non se acabou de rematar o pago íntegro do seu custe, ainda que dous benefactores da localidade deron por cobrado cento e pico pesetas que ainda se lles debían.

Un personaxe da época era don Adolfo, que co seu violín en plan trovador instrumentaba polas rúas villalbesas. En 1928 a antiga banda municipal vai a Landrove e ali hai un coro dirixido polo villalbés Vicente García Hermida. No teatro Nemesio, de Viveiro, interpreta a obra dos irmáns Mato Vizoso "Xan Soldado" ou "O repatriado de Cuba". Esta obra inda hai xente en Villalba que a canta como eu lá puiden escutar á señorita Amadora Seco. Nesta época teñen tamén gran actividade musical un coro chamado "De Monaguillos" e a orquestra "Jazz Mato" que actuaba no Casino (teño o nome dos compoñentes); podemos dicir, polo tanto, que tamén os villalbeses foros precursores do jazz.

No ano 1928 visitan Villalba os ilustres musicólogos D. Eduardo M. Turner e D. Jesús Bal Gay, ambos con vistas á creación dun arquivo da música popular galega. Escolman varias obras compostas por D. Santiago Mato Vizoso como: "Alalás, muiñeiras, aguinaldos, mais", etc. ¿Dónde se atoparán estas obras?

Un acordeonista da época é D. José Quintela Miragaya que no bar Centro ofrecía concertos.

Dato curioso é a celebración no casino dunha "Audición de radio" (4-5-1928). Debeu ser a primeira vez que se ouviu a radio en Villalba.

Tamén se participa en concursos, e así atopamos a banda "Nueva Lira" concursando en 1929 en Lugo coas bandas de Ferreira de Guntín, Riopedre de Sarria e Astariz de Rábade. Peza obligada, "La mesonera de Torredillas".

Unha zarzuela que se estreou no teatro villalbés o 6 de xaneiro de 1931 "Nubes de verano", letra de Carmiña Prieto Rouco e música de Manuel Currás Guntín.

O longo de todos este anos, veladas, bailes, concertos, entroidos e maios sucedéñense contanto coa presencia da banda municipal (composta pola fusión das bandas do Sur e Lira), dirixida por D. Santiago Mato Vizoso ata 1925 en que finou. Pasa a ser director D. Juan Fernández Teijeiro (1871-1946).

Este nomeamento ocasiona algúns problema, xa que D. Celestino Currás Guntín opta á plaza de director e así mesmo hai outro aspirante, que é D. Victor Mato Grandío. Como consecuen-

cia, desfaise a banda municipal, dimite un concello, e a banda municipal pasa a chamarse "Antigua banda municipal". Despois, dirixea tres anos Victor Mato e, novamente, D. Juan Fernández ata 1941 en que se fai cargo dela D. Santiago Mato García deixa o ano 1947-48, en que desaparece e fórmase a Orquesta Mato. Paralela á banda municipal contaba a nosa vila coa existencia da "Nueva Lira" que retoma o nome da anterior "Lira" e que dirixirá sempre D. Celestino Currás Guntín (1892-1969.). Esta banda formouse no 1921 ata 1947, é dela queda hoxe a orquestra "Nueva Lira". Popularmente as duas bandas eran coñecidas polos nomes dos Matos e dos Longos e entre elas existía unha rivalidade.

Os directores das bandas compuxeron obras que a nivel local tiveron grans sonas, e que de algúna maneira haberá que recuperar. Así: D. Santiago Mato Vizoso musicou "El Círculo", "Noche de Leyendas", "Por una fanega", "Maruxa ou os cantares de Villalba", "Xan Soldado", "O rexurdimento", etc.

D. Celestino Currás Guntín musicou unha obra titulada "Muller dos meus ensos" e diversas composicións de entroido das comparsas da época. D. Victor Mato Grandío (1890-1976) non soñou dirixiu a banda municipal, senón que estivo na orquestra do teatro García Barón, de Vigo; actuaba as compañías de ópera e zarzuela e incluso fixo unha xira internacional con unha compañía de ópera italiana na que tamén actuaba o gran músico Gustavo Freire, amigo de Victor. Compuxo un pasodoble titulado "El galleguito" e tamén musicou varias obras de rondallas, entre elas "La alegría", composta de pasodoble, vals e xota.

D. Santiago Mato García (nado o 30 de xuño de 1916) compuxo os pasodobles: "Al Celta en Primera División", "Festa na vila", "Os nosos eidos", "Nosa Señora de Meira", "Algunha panxoliña" e a obra coral, "A cantiga do emigrante", que trata da morriña de un villalbés pola súa terra, e foi estrenada pola Polifónica Villalbesa o 18 de decembro de 1985. Santiago nestes momentos está a compoñer unha habanera titulada "La Golondrina" en recordo do vate villalbés Chao Ledo.

Sin ser director, Manuel Currás Guntín (1909-1959) musicou o "Himno al Rácing" e tamén as zarzuelas "Secreto da bruxa" e "Traidores celos", compoñendo asimismo pra diversas rondallas.

Pepe Guntín Currás tén compostos una nana e unha obra titulada "O Afiador".

Como podemos ver, non só os villalbeses executaban e dirixían, senón que a súa faciana facialles recrearse en alabar á Vila Alba.

Músicos que acadaron certa sona fora de Villalba e que aquí se formaron foron os irmáns Vicente, Luis e Rosendo Mato; este último ainda dirixiu un coro e a banda de Arca, en Santiago. Pepe Mato, que estivo no buque escola Galatea; Olaso, na Banda Municipal da Coruña; Alberto Mato, na banda municipal da Habana, e outros espallados polo mundo adiante. De toda esta actividade musical, hoxe en Villalba queda a orquestra "Marfil", a "Nueva Lira" o grupo "Xorima", a Polifónica Villalbesa, o Conservatorio de música e o Centro Social da Xuventude, nos que as novas xeneracións tratarán de emular os seus antergos.

Hai que citar que orredor de Villalba

xuño do 28, data na que se presenta en Villalba, nun acto conxunto co grupo "Xorima", a "Polifónica Villalbesa", formada por membros da masa coral e a coral xuvenil que dirixe D. Xesús Gómez García. No acto de presentación faiuse un homenaxe ao anterior director, D. Alfonso de la Torre, e a Pepita García Mato, gran impulsora da música na vila durante moitos anos. A Polifónica participou no ano 83 no cuarto certamen de polifonia nacional, na T.V.E., e o 11 de decembro do 85, en directo, no programa "Ruada", da T.V.G. O mesmo tempo estrena tres obras: "Villalba ten unha torre", de Manuel Pérez de Arévalo; "A cantiga do emigrante", de Santiago Mato García e "Himno da Terra Chá", letra de Carmiña Prieto Rouco, que o villalbés Xulio Xiz, nunha conferencia pronunciada o 14 de marzo do 83 facía unha chamada para musicalo poema, e o alcalde José M. García Leira colleu a onda e falou co mestre Roxelio Groba, que compuxo a música e estrenouse o 18 de decembro de 84.

Podemos dicir que Villalba foi unha vila con un gran pasado musical, pero agardemos que algún faga posible o rexurdir dunha banda e non ter que dicir que calquer tempo pasado foi mellor.

Na actualidade, aparte da Polifónica, hai por parte do concello, o apoio ó Conservatorio de Música, que funciona dende o 1980 e ós seus alumnos escotámoslos nun festival o dia 28 de xunio no Centro Cultural Recreativo. O Centro Social da Xuventude promociona a parte folklórica e o grupo "Xorima" pon a sua aportación musical "folk", dentro do ambiente musical galego. Este grupo presentouse o 27 de decembro do 81, e desde entón actuou en moitos festivais, estando nestes días no de Lorient, e a "Voz de Galicia" do 12 de agosto do 86, na primeira plana, fala deles como ún dos grupos estelares do Certame.

É preciso que se algún ten obras destes villalbeses traten de axudar para que non se vayan perdiendo folla a folla e que as novas xeneracións reciban o herdo cultural dos seus antergos, e que algunha vez volvamos oír "Xan Soldado", "Os cantares de Villalba", "Secreto da Bruxa", etc.

Debemos sentir a música e procurar transmitila; que haxa inquietude, afán, actividade cultural, xa que unha vila pode ser grande, importante, como decía o comezo, pero non é abondo; hai que ter intelixencia, estilo, espíritu e un aquí de señorío como o tiñan, e esperemos ter, quem foron e somos villalbeeses de sempre e de agora.

NOTA: Agradezco a colaboración prestada para este traballo ás Sras. Teresa e Lupa Currás Guntín, Amadora Seco, Antonio Fraga Fernández, familia de Victor Mato, Santiago Mato García, familia dos Guntín, José do Ríos, e a Carmiña García Mato que me deixou moitos "Heraldos" nos que se fala da Historia Villalbesa. Outros datos están recollidos do arquivo da Igrexa; periódico *El Progreso*, donde José Luis García Mato escribeu moitos artículos, e tamén do "Eco". "El Progreso Villalbés", "Faro Villalbés", e algúns artigos de periódicos da época.

Sulíñar que teño diante de mí a letra e a música orixinal da Zarzuela "A noite de Navidade", composta por os irmáns Manuel e Santiago Mato Vizoso, así como unhas romanzas dos mesmos, que atopou Carmiña García Mato, e brindoumos para saber da súa existencia; son do ano 1900.

Dos "Cantares de Villalba", de Santiago Mato, do ano 1910, fotocopiei un arrreglo para armonium, que ten o orixinal a Sra. Visitación Rouco Varela. Está dedicado a M. Eugenia Varela Otaegui, a quén D. Santiago Mato daba clases de música.

A todos, o meu reconocemento no nome de Villalba, que é, en definitiva, o recibidor destes datos.